



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2024/C004/000002

Ref.: SLR

INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN ENCARGADO DA NEGOCIACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ESIXIDA NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DO CONTRATO PRIVADO DO SERVIZO DE “INTERPRETACIÓN ARTÍSTICA DAS ORQUESTRAS PARA AS FESTAS DO CARME E A FRAGA 2024”

O día 10/07/2024, no Departamento de Contratación, procedeuse á apertura da documentación administrativa (Sobre A), segundo as previsións contidas no prego de cláusulas administrativas que rexen esta licitación. A esta licitación invitouse a un só licitador, Soto Espectáculos As Pontes, SL, por ter a exclusividade dos grupos a contratar (artigo 168 a) 2º LCSP); a empresa Soto Espectáculos As Pontes, SL presentou a súa oferta e fíxoo dentro do prazo previsto no prego de cláusulas administrativas particulares.

Examinada a dita documentación, cumpre co requisito de capacidade de obrar, de solvencia económica e financeira e de solvencia técnica que esixe o prego. Ademais compróbase que o licitador presenta a declaración responsable segundo o modelo establecido no prego.

De seguido procédese á apertura da oferta económica e da documentación técnica (Sobre B).

Procedeuse, a continuación, a valorar a oferta económica presentada, no que se analiza a proposición económica en relación cos criterios de adxudicación (oferta económica), de acordo co previsto na cláusula 9.4 do prego que rexe a licitación.

O licitador xunta á oferta económica unha serie de documentación. A dita documentación remíteselle á técnica redactora do prego de prescricións técnicas.

Na mesma data, o 10/07/2024, requíreselle ao licitador para que confirme ou mellore os termos da súa oferta inicial. O requirimento remitiuse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (Identificador de comunicación 2024-NOT-05160785). No prazo conferido para o efecto, o licitador non presenta contestación, o cal ten a consideración de oferta definitiva, de conformidade co establecido na cláusula 9.4 do prego.

O día 16/07/2024 a técnica redactora do prego de prescricións técnicas emite informe no que conclúe: *“Unha vez revisada toda a documentación presentada, xunto coa aclaración en canto aos planos dos escenarios, se desprende que as orquestras obxecto desta contratación dispoñen dos medios materias e de persoal necesarios (escenario, son, iluminación, persoal de montaxe-desmonte...) para a prestación do servizo técnico adecuado, polo que se deduce que teñen a capacidade de realizar o espectáculo”*

De conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen na licitación, dáse traslado ao órgano de contratación do resultado da negociación, acompañando o expediente correspondente á fase de negociación e o informe técnico coa valoración da oferta presentada.

En conclusión, a documentación que presenta o licitador cumpre o previsto no prego que rexe a licitación, co que se informa favorablemente a súa adxudicación.

As Pontes de García Rodríguez, 17 de xullo de 2024

A administrativa do Departamento de Contratación

A secretaria municipal